

## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

### DECRETO DA ALCALDÍA

**ASUNTO:** CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO 5/2019 (1/2019 DO MANDATO 2019-2023), EXTRAORDINARIA CONSTITUTIVA, 15 DE XUÑO DE 2019

**EXPEDIENTE:** 2019/G003/000250

ASUNTO: Convocatoria

ÓRGANO COLEXIADO: Pleno

Nº SESIÓN: 2019/5 (1/2019 do mandato 2019-2023)

CARÁCTER: Extraordinaria constitutiva (sábado 15 de xuño de 2019, ás 12:00 horas)

En uso da atribución que me confere o artigo 21.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL en adiante) (en administración ordinaria, segundo o artigo 194.2 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, LOREX en adiante), e en cumprimento do establecido nos artigos 195.1 da LOREX, segundo o cal "*Las Corporaciones municipales se constituyen en sesión pública el vigésimo día posterior a la celebración de las elecciones, salvo que se hubiese presentado recurso contencioso-electoral contra la proclamación de los concejales electos, en cuyo supuesto se constituyen el cuadragésimo día posterior a las elecciones*", e 37 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF) convoco **sesión extraordinaria constitutiva do PLENO, para o sábado 15 de xuño de 2019, ás 12:00 horas** ( en caso de que non concorreren, ou non se puidesen comprobar as credenciais de polo menos a maioría absoluta dos/as Concelleiros/as electos, realizarase sesión dous días despois, quedando constituída a Corporación, calquera que fose o número de Concelleiros/as presentes) **no Salón de sesións da Casa do Concello** coa seguinte

### ORDE DO DÍA


**1.-**Constitución da Corporación (mandato 2019-2019).

**2.-** Elección do Señor Alcalde-Presidente.

Notifíquese a presente resolución aos/as sres/as. Concelleiros/as electos/as, advertíndolles de que, conforme ao disposto no artigo 12.1 do citado RD 2568/86 do 28 de novembro, deberán comunicar coa antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a imposibilidade de asistir á devandita sesión.

Asemade, lémbrales que **deberán asistir á sesión provistos/as do seu DNI** (no Concello constan as credenciais orixinais expedidas pola Xunta Electoral de Zona).

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

Por outra banda, con carácter previo á sesión, segundo os artigos 108.8 da LOREX e 75.7 LRBRL, e de acordó co requirimento que lles foi remitido o 04 de xuño de 2019) deberán ter presentado perante a Secretaría do Concello as súas declaracións establecidas no último dos preceptos citados. Segundo o Acordo da Xunta Electoral Central de 17 de xuño de 1987, e a interpretación da Sentenza do Tribunal Constitucional 331/1993, de 12 de novembro, **a previa cumprimentación das referidas declaracións é requisito previo e imprescindible para a toma de posesión dos cargos electos e, por tanto, para a participación na elección do/a Señor/a Alcalde/sa-Presidente/a.**

Carral, na data de sinatura dixital que figura á marxe

O ALCALDE

(En administración ordinaria,  
Art.194.2 Lei Orgánica 5/1985,  
do 19 de xuño, do réxime electoral xeral)  
José Luis Fernández Mouriño

Visto o decreto,

O SECRETARIO

Diego García Doval

FIRMADO POR José Luis Fernández Mouriño (FECHA: 12/06/2019 09:58:00) , Diego García Doval (FECHA: 12/06/2019 09:59:00)

Decreto N.º: 249/2019 - Fecha de decreto: 12/06/2019  
Versión imprimible

CVD: hbop2Hlczlg1gffnbpfx3  
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)